# FICHA SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

NOME: **ALCABRE-SAMIL** CLAVE: **SX/EL-ZV/B07**

## 1. SUPERFICIES

| | | | |
|---|---|---|---|
| **SUPERFICIE DO SISTEMA:** | | | **323.815** |
| **ESTADO:** | | | |
| | EXISTENTE: | 228.817 | |
| | PROPOSTO: | 94.998 | |
| **XESTIÓN:** | | | 323.815 |
| | OBTIDO: | 306.772 | |
| | POR OBTER: | 17.042 | |
| | | | 323.815 |

## 2. DESCRIPCIÓN

Abrangue a práctica totalidade do bordo litoral comprendido entre a punta do Fiunchal e a desembocadura do río Lagares, no seu conxunto conforma un espacio de sobranceiras cualidades ambientais e paisaxísticas onde é recoñecible a xeomorfoloxía costeira á que se lle sobrepón un espacio pre-litoral notablemente urbanizado.
A efectos cualitativos procedeuse a delimitación de dous subsistemas, un denominado Alcabre que vai dende o Fiunchal ata a interrupción que supuxo a implantación do Museo do Mar na punta do Muíño do Vento, e outro denominado Samil que recolle o areal homónimo.
O sistema xeral de Alcabre, situado sobre unha costa baixa rochosa e pequenas praias, é producto da consolidación de desenvolvementos xa previstos no Plan de 1993 (API-29 SANTA BAIA, API-30 IGREXA e AOP ATLÁNTIDA, agás APR A-2-01 ROADE), incorporando a servidume de protección de costas como cesión de espacios verdes, se ben adoece da permeabilidade transversal necesaria para o seu desfrute como sistema xeral.
O sistema xeral de Samil trasponse ao areal máis longo do municipio, actualmente acolle usos recreativos e de servicios soportados no eixo definido pola Avda. de Samil e que ven de conformar un fronte edificado de pouca densidade.

Dimensión patrimonial:
O sistema xeral Alcabre-Samil en relación á franxa costeira que cubre, é unha referencia obrigada coma paisaxe e patrimonio natural no conxunto vigués. Na sobresaínte extensión do areal de Samil, sitúase no norte, o Monte de Area, testemuña do que foi un dos sistemas dunares máis importantes da ría de Vigo; o seu valor ambiental está na relación entre o medio físico e biolóxico.
A pegada antrópica (histórica), concentrouse no litoral de Alcabre, máis resgardado, se ben a concentración máis salientable dáse na punta do Muíño do Vento, que ven de ser integrada na actuación do Museo do Mar (Castro da Punta do Muíño do Vento, GA 36057153; e as naves conserveiras A_053). Tras do areal de Carril manténense as fincas de Sensat (A-166 Casa Sensat) e o Fiunchal de Roade (S-007), na Punta Borralleiro o Conxunto Parroquial de Santa Baia.

## 3. OBXECTIVOS

Os criterios de ordenación determinaranse pormiudadamente no Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamento do Litoral Urbano (Alcabre-Samil) .

PLAN ESPECIAL DE REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DO LITORAL URBANO (ALCABRE-SAMIL).

Este Plan Especial desenvólvese no ámbito definido polo perímetro recolle o Sistema Xeral de Espacios Libres SX/EL-ZV/B07 ALCABRE SAMIL.

Obxectivos
Como obxectivo xeral establécese a conservación e rexeneración do espacio litoral e pre-litoral urbano, sobre un grado de intervención e acondicionamento que posibilite a sostentabilidade da intervención.
Para cada un dos subsistemas establécense os seguintes obxectivos pormiudados:

Alcabre.- Acondicionamento do sistema xeral delimitado, e mellora da accesibilidade transversal dende a Avda. Atlántida e lonxitudinal dende o Paseo Marítimo de Bouzas.

Samil.- Rexeneración ambiental do areal, establecéndose as seguintes medidas:
Substitución do trazado da Avda. de Samil, que separa o primitivo areal, illando parte do sistema dunar da praia e alterando a dinámica de transporte de sedimentos.
Transformación do paseo de Samil, eliminación o muro e traslado dos usos lúdicos e deportivos; substitución da configuración actual por un vial de servicio (sección 8 m) sobre o fronte edificado. Esta actuación encádrase nunha acción maior que afecta á ordenación do fronte non consolidado de Samil onde se prevé o desenvolvemento urbanístico de oito ámbitos, e que se estructura sobre un vial integrado no Sistema Xeral de Comuniacións-Viario de 2ª Categoría substitutivo da Avda. de Samil.
Neste senso o Plan Especial establecerá a súa execución en varias fases, nas que se prevean os posibles estados de desenvolvemento dos devanditos ámbitos, xa que a efectividade da intervención requirirá da consecución de elementos funcionais neles previsto.

Requirirase dun estudio particular da vexetación dunar, así como da restauración das coberturas orixinais.
Estableceranse os indicadores dun plan ambiental de seguimento das dinámicas erosivas e sedimentarias no areal, e que haberá de desenvolverse a partires da execución do Plan Especial, o seu obxectivo será avalia-la efectividade das medidas

propostas.

Criterios de execución:
Serán os establecidos no Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamento do Litoral Urbano (Alcabre-Samil).

## 4. PROGRAMACIÓN

| SISTEMA | NOME | % 1 Cuatr.: | % 2 Cuatr.: | % 3 Cuatr.: |
|---|---|---|---|---|
| SX/EL-ZV/B07/0 | ALCABRE-SAMIL - ALCABRE | 100 | 0 | 0 |
| SX/EL-ZV/B07/1 | ALCABRE-SAMIL - SAMIL | 100 | 0 | 0 |
| SX/EL-ZV/B07/2 | ALCABRE-SAMIL - SAMIL | 0 | 100 | 0 |

## 5. RELACIÓN DETALLADA DAS SUPERFICIES

| CLAVE: | CLASIFICACION: | CATEGORIA: | AMBITO/SECTOR | ADSCRITO: | ESTADO: | XESTION: | SupTOTAL: | OBTENCIÓN: |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ALCABRE** | | | | | | | | |
| SX/EL-ZV/B07/0/01 | SURB | SUC | | | EXISTENTE | OBTIDO | 9.190 | |
| SX/EL-ZV/B07/0/01 | SURB | SUNC | A-2-01 | | PROPOSTO | OBTIDO | 6.586 | |
| SX/EL-ZV/B07/0/01 | SURB | SUC | AOP-17 | | EXISTENTE | OBTIDO | 17.518 | |
| SX/EL-ZV/B07/0/01 | SURB | SUC | API-29 | | EXISTENTE | OBTIDO | 8.373 | |
| SX/EL-ZV/B07/0/01 | SURB | SUC | API-30 | | EXISTENTE | OBTIDO | 6.467 | |
| **SAMIL** | | | | | | | | |
| SX/EL-ZV/B07/1/01 | SRPR | RPC | | | PROPOSTO | OBTIDO | 710 | |
| SX/EL-ZV/B07/1/01 | SRPR | RPC | | | EXISTENTE | OBTIDO | 2.022 | |
| SX/EL-ZV/B07/1/01 | SURB | SUC | | | PROPOSTO | OBTIDO | 24.896 | |
| SX/EL-ZV/B07/1/01 | SURB | SUC | | | EXISTENTE | OBTIDO | 134.506 | |
| SX/EL-ZV/B07/1/01 | SURB | SUNC | A-2-29 | | PROPOSTO | POR OBTER | 109 | Inclusión |
| SX/EL-ZV/B07/1/02 | SRPR | RPC | | S-14-R | PROPOSTO | OBTIDO | 2.261 | |
| SX/EL-ZV/B07/1/02 | SRPR | RPC | | S-14-R | PROPOSTO | POR OBTER | 16.933 | Adscripción |
| **SAMIL** | | | | | | | | |
| SX/EL-ZV/B07/2/01 | SRPR | RPC | | | EXISTENTE | OBTIDO | 5.580 | |
| SX/EL-ZV/B07/2/01 | SRPR | RPC | | | PROPOSTO | OBTIDO | 30.747 | |
| SX/EL-ZV/B07/2/01 | SURB | SUC | | | PROPOSTO | OBTIDO | 12.755 | |
| SX/EL-ZV/B07/2/01 | SURB | SUC | | | EXISTENTE | OBTIDO | 45.161 | |

## 6. RESUMEN POR CLASIFICACIÓN, ESTADO E XESTIÓN

| | | ESTADO | | XESTIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|
| CLASE SOLO | SUPERFICIE | PROPOSTO | EXISTENTE | OBTIDO | POR OBTER |
| SUC | 258.866 | 37.651 | 221.215 | 258.866 | 0 |
| SUNC | 6.695 | 6.695 | 0 | 6.586 | 109 |
| SURB | 265.561 | 44.346 | 221.215 | 265.452 | 109 |
| SUBZDE | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SUBZND | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SUBZ | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RPAC | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RPAP | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RPC | 58.254 | 50.652 | 7.602 | 41.321 | 16.933 |
| RPEN | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RPI | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RPF | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| RPO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SRPR | 58.254 | 50.652 | 7.602 | 41.321 | 16.933 |

## 7. RESUMEN POR OBTENCIÓN

| | |
|---|---|
| EXPROPIACIÓN | 0 |
| ADSCRIPCIÓN | 16.933 |
| INCLUSIÓN | 109 |
| OBTIDO | 306.772 |

## 8.RESUMO POR AMBITOS E SECTORES

**ALCABRE-SAMIL**

| | | ESTADO | | XESTIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|
| AMBITO/SECTOR | SUPERFICIE | PROPOSTO | EXISTENTE | OBTIDO | POR OBTER |
| S-14-R | 19.194 | 19.194 | 0 | 2.261 | 16.933 |
| ADSCRITO | 19.194 | 19.194 | 0 | 2.261 | 16.933 |
| | 265.568 | 69.108 | 196.460 | 265.568 | 0 |
| CONSOLIDADO | 265.568 | 69.108 | 196.460 | 265.568 | 0 |
| A-2-01 | 6.586 | 6.586 | 0 | 6.586 | 0 |
| A-2-29 | 109 | 109 | 0 | 0 | 109 |
| AOP-17 | 17.518 | 0 | 17.518 | 17.518 | 0 |
| API-29 | 8.373 | 0 | 8.373 | 8.373 | 0 |
| API-30 | 6.467 | 0 | 6.467 | 6.467 | 0 |
| INCLUIDO | 39.053 | 6.695 | 32.357 | 38.944 | 109 |